

¿QUE ENTENDEMOS POR MERCADO LABORAL?

Defínese como aquel contorno no que se interrelaciona a oferta de traballo (conxunto de postos que se ofrecen) coa demanda de emprego (ocupacións solicitadas polas persoas que queren traballar).



Calquera persoa activa ou desempregada está inmersa no funcionamento deste mercado, xa que o empresariado, os traballadores e traballadoras, as persoas que buscan emprego e as persoas paradas participan directa ou indirectamente do ámbito do mercado de traballo.

Tendencias do mercado de traballo

As tendencias que marcan os cambios e transformacións do mercado de traballo fan referencia a:

- Velocidade dos cambios no contorno laboral xa que existe unha constante transformación debido á globalización dos mercados, cambios demográficos, xestión dos recursos humanos e outros que van definir a nova oferta laboral, proporcionando novas e numerosas oportunidades de emprego.
- Impacto das novas tecnoloxías. Unha nova modalidade que cobra importancia é o Teletraballo ou traballo a distancia como alternativa laboral dentro do sector dos servizos ás empresas.
- Incrementase a externalización ou subcontratación dalgúns servizos (mantemento de maquinaria, equipamento industrial e informático, servizos auxiliares de limpeza, seguridade, informática, publicidade...) e a de traballos extra ligados a momentos de alta produción.
- Cambios na organización das empresas coa aparición dunha nova cultura contractual.
- Cambios na forma de producir a consecuencia da introducción das novas tecnoloxías nos equipamentos e a adaptación ó mercado para que as empresas manteñan os seus niveis de competitividade, baseándose sobre todo na especialización da produción e na adaptación máis exacta á demanda, e na implantación de sistemas de calidade.
- Xorden cambios na forma de recrutamento de traballadores/as, por exemplo as empresas de traballo temporal.
- Cambios na forma de mercar e vender, ante a globalización do mercado, co conseguinte aumento da competitividade e profesionalización do traballo. Xorde con máis forza a necesidade de

apoio na publicidade e mercadotecnia dos produtos. Todo isto é consecuencia da necesidade da empresa de conseguir un maior acercamento ao cliente.

Á vista destas perspectivas as novas empresas perfilanse do seguinte modo:

- Flexibles ante os cambios
- Cambios na forma de organización
- Diversidade nas situacións laborais
- Maiores esixencias cos empregados e empregadas
- Retribucións variables

CONCEPTOS RELACIONADOS CO MERCADO LABORAL

Poboación activa: Conxunto de persoas que, nun período de referencia traballan ou buscan traballo. (ocupadas/os + paradas/os)

Poboación ocupada: persoas maiores de 16 anos que teñen traballo como asalariadas ou por contra propia.

Poboación desocupada: son todas aquelas persoas dentro da poboación activa que non teñen traballo, pero que están dispoñibles para traballar de inmediato ou que non encontran traballo aínda que si o buscan activamente.

Taxa de ocupación: é a porcentaxe da poboación ocupada con respecto a poboación en idade para traballar.

$$\text{Tasa de ocupación} = \frac{\text{Población ocupada}}{\text{Población en edad para trabajar}}$$

Taxa de desemprego: é a porcentaxe da poboación desocupada con respecto á poboación activa.

Calculase mediante o cociente entre o número de persoas paradas e a cifra de poboación activa nun período de referencia.

$$\text{Tasa de desempleo abierto} = \frac{\text{Población desocupada}}{\text{Fuerza de trabajo}}$$

Tipos de desemprego:

- **Desemprego estrutural:** Consiste no movemento das persoas, xa sexa, por busca de traballo ou por atopar mellores oportunidades laborais.
- **Desemprego por falta de preparación:** Neste grupo están as persoas desempregadas por falta de preparación académica e de destrezas. Estas persoas caracterízanse pola falta de capacitación no manexo de

ferramentas de traballo, debido aos cambios producidos polas estruturas industriais, tecnolóxicas, ocupacionais e demográficas da economía.

- **Desemprego cíclico:** Refírese á flutuación no desemprego causada polos ciclos económicos.

Consecuencias do desemprego sobre a economía

O traballo lle brinda as persoas a posibilidade de lograr ingresos, polo tanto acceder a bens e servizos, e así satisfacer as súas necesidades. Na medida que logren satisfacer mellor as súas necesidades, mellor será o seu nivel de vida. É por iso que existe un forte vínculo entre o desemprego e a pobreza. Agora ben, non só é importante ter emprego, senón a calidade do emprego, é dicir, o salario, a xornada laboral, as condicións, a estabilidade, a seguridade social, ...

Cabe destacar que o desemprego ocasiona na sociedade tanto un custo económico como social. O custo económico corresponde a todo o que se deixa de producir e que será imposible de recuperar, isto non so inclúe os bens que se perden por non producilos senón tamén unha certa degradación do capital humano, que resulta da perda de destrezas e habilidades. Por outro lado, o custo social abarca, a pobreza e "inquietude social e política" que implica o desemprego a grandes escalas. As persoas sometidas a una ociosidade forzosa padecen frustración, desmoralización e perda de autoestima.

A SITUACIÓN LABORAL NA COMARCA DE SANTIAGO

A comarca é, como outras moitas zonas de Galicia, unha zona de emigración. Sen embargo, a especialización da comarca como capital administrativa cunha área residencial circundante funcionando como zonas dormitorio, permitiu que nos anos 80 e 90 a súa poboación aumentara. No período 1996-2003 o conxunto da área tivo un crecemento poboacional de case o 12%. En termos comparativos, o crecemento demográfico da comarca de Santiago é moi superior o de Galicia (0,7%) e ó do conxunto de España (4,8%).

Dito crecemento demográfico distribúese de forma moi desigual e diverxente: fronte a caídas do 1,2% en Boqueixón, do 1,44% de Santiago, do 9,6% en Val do Dubra e do 2,4% en Vedra, é dicir o centro urbano e as zonas rurais, aparecen incrementos do 33,5% en Ames y 13,18% en Teo, que funcionan como municipios residenciais da poboación que traballa na capital e nos polígonos industriais do seu entorno.

O aumento da poboación debese ao freo da emigración e á aparición de inmigrantes que proveñen tanto de outras zonas de Galicia e España como do estranxeiro.

De modo parello o incremento demográfico, a poboación activa na comarca de Santiago incrementouse de maneira notable dende 1996 a 2001, cun 18,5% máis de persoas activas. O aumento é especialmente significativo en Ames e Teo (un 42% y 22,5% respectivamente). So Val do Dubra, que perdeu habitantes neste mesmo período, viu diminuír a súa poboación activa. Pero o resto dos concellos, incluídos Boqueixón, Santiago y Vedra, que tamén perderon habitantes, viron crecer a súa poboación activa.

O aumento da poboación activa pode ser explicado en gran parte pola incorporación cada vez maior da muller o mercado de traballo. No conxunto da comarca o número de mulleres activas aumentou durante esa década un 29% fronte o 10% dos homes.

Polo que se refire ós datos de ocupación, o número total de empregadas/os aumentou no 24%, con incrementos desiguais nos concellos que van dende o 47% en Ames ó descenso do 10% en Val do Dubra. De acordo cos datos dispoñibles, a incorporación das mulleres ó mercado de traballo foi en xeral máis dinámica ca dos homes. A excepción é, de novo, Val do Dubra, onde a ocupación feminina diminúe máis ca masculina.

A pesar do crecemento da poboación activa, o emprego galego empezou a experimentar unha desaceleración do ritmo de crecemento. O emprego na agricultura descendeu un 10% en 2002, mestras que o sector servizos, aumentou so un 2,6%.

O sector servizos, o maior empregador da comarca, ocupaba en 2001 o 73% da poboación. A industria e a construción lle seguen en importancia, cun 11%

do emprego cada un, mentres que o sector agrícola ocupa só un 4% dos/as traballadores/as.

En resumo, podemos concluír que as características máis destacables do mercado de traballo na comarca de Santiago son as seguintes:

1. Un importante crecemento da poboación activa grazas sobre todo a unha maior incorporación das mulleres ó mercado laboral.
2. Unha desaceleración no crecemento do emprego.
3. Unha caída do peso do sector agrario e un aumento da actividade e ocupación no sector servizos.
4. Un incremento da contratación temporal e do emprego precario, así como unha importante presenza da economía somexida no sector servizos e na agricultura.

OS NOVOS XACEMENTOS DE EMPREGO

O concepto de "xacemento de emprego" (NXE) é bastante recente. Refírese a aqueles sectores que ofrecen hoxe en día, e que ofrecerán sobre todo no futuro, grandes posibilidades de traballo.

Os constantes cambios da sociedade moderna (sobre todo, os relacionados coa aplicación das novas tecnoloxías e coa aparición de novas habilidades sociais) están provocando a aparición de profesións emerxentes. Estes novos hábitos sociais, moitos deles relacionados coa incorporación xeneralizada da muller ao mercado laboral e a unha nova valoración do tempo de lecer, pódense satisfacer xerando novas actividades económicas que provean os servizos necesarios. Ademais, o desenvolvemento destas actividades terá un efecto directo sobre a creación de emprego superior ao das actividades tradicionais.

No marco da UE, os novos xacementos de emprego recollen dous retos, desemprego e novas necesidades, e tratan de mesturalos ofrecendo unha solución conxunta. Es necesario ter moi en conta que os NXE se presentan como unha lista aberta a novas actividades que cumpren dous requisitos: que satisfagan necesidades non cubertas e que o seu desenvolvemento teña un alto contido en emprego.

Características comúns aos Novos Xacementos de Emprego:

- Son actividades destinadas a satisfacer novas necesidades sociais.
- Configúranse dentro de mercados incompletos ou irregulares.
- Teñen un ámbito de produción e prestación territorialmente definido no espazo local.
- Requiren no seu inicio dunha organización da oferta e da demanda no mercado.
- Son impulsadas desde as instancias públicas.
- Son moi diferentes dos servizos tradicionais (a bolsa, os seguros, a banca, etc.).

A lista dos Novos Xacementos de Emprego:

A Comisión Europea (1.195) clasifica aos NXE en catro grandes apartados ("vida diaria", "mellora da calidade de vida", "cultura e lecer" e "protección do medio ambiente") con 17 ámbitos de intervención diferenciados, son os seguintes:

• Servizos da vida diaria:

1. Os servizos a domicilio (preparación e distribución de comidas a domicilio; acompañamento e prestación doutros servizos a persoas maiores no seu domicilio; servizos a persoas enfermas no domicilio; servizos de limpeza; servizos administrativos).

2. O coidado de nenos/as (coidado e educación de nenos e nenas por debaixo da idade escolar; actividades deportivas, recreativas e culturais para nenas e nenos en idade escolar).

3. As novas tecnoloxías da información e comunicación (servizos a particulares no campo da cultura, da saúde, da comunicación, do lecer, formación a distancia, teletraballo...); servizos ás empresas (información económica, servizos comerciais, contabilidade a distancia, asistencia especializada...); servizos públicos (teleservizos, acceso a base de datos, servizos administrativos de información, etc.).

4. A axuda de xoves en dificultade e a inserción (axudas nos deberes escolares; centros de inserción profesional; educación de rúa; empresas de inserción).

• **Os servizos de mellora do marco de vida:**

5. A mellora da vivenda (rehabilitación e mantemento de vivendas)

6. A seguridade (servizos de vixilancia e acollida; instalación de materiais de seguridade; parkings; televixilancia).

7. Os transportes colectivos locais (novas formas de organización dos transportes colectivos; servizos especializados con determinados colectivos de usuarias/os).

8. A revalorización dos espazos públicos urbanos (rehabilitación de espazos públicos e barrios; mantemento de espazos públicos; iniciativas económicas e comerciais en zonas antigas das cidades).

9. Os comercios de proximidade (comercios en zonas rurais; comercios nos barrios urbanos non céntricos; puntos comerciais multiservizo en zonas desfavorecidas).

• **Os servizos culturais e de lecer:**

10. O turismo (turismo rural e cultural e novas actividades turísticas; servizo de acompañamento e acollida turística; novos servizos turísticos telemáticos).

11. O sector audiovisual (produción e distribución de películas; produción e distribución de emisións televisivas; televisión interactiva; acceso a distancia a bibliotecas e museos).

12. A valorización do patrimonio cultural (creación e restauración de lugares de interese cultural; servizos de difusión da cultura e acollida turística).

13. O desenvolvemento cultural local (actividades de valorización dos recursos e actividades culturais locais como música, folclore, teatro, gastronomía, artesanía, etc.).

• Os servizos de medio ambiente:

14. A xestión dos residuos (recollida selectiva e tratamento dos residuos; actividades de investigación para a reutilización dos materiais recuperados; novas técnicas de automatización do tratamento dos residuos).

15. A xestión do auga (realización e xestión de infraestruturas de xestión do auga; servizos de investigación tecnolóxica; asistencia á xestión de infraestruturas locais; explotación turística e deportiva das reservas hidráulicas).

16. A protección e mantemento das zonas naturais (actividades de protección e mantemento das zonas naturais; actividades de investigación agronómica; creación e xestión de parques e reservas naturais).

17. A normativa, o control da contaminación e as instalacións correspondentes (producción de bens e servizos ligados a tecnoloxías menos contaminantes; desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías de economía da enerxía; mellora da xestión dos sistemas de control da contaminación e o ruído).

Exemplos de NXE:

- a agricultura ecolóxica e a industria agroalimentaria de carácter artesanal
- a restauración de obra pública
- as enerxías alternativas (sobre todo polo despegue que está a ter a enerxía eólica),

Potencialidades:

- En zonas rurais, poden axudar a asentar a poboación xa que supoñen unha diversificación e un aumento da actividade económica.
- Poden provocar unha demanda de emprego heteroxénea, tanto en cualificación, como en tempo de traballo, xa que se incorporan ao mercado de traballo, colectivos con restricións horarias (mulleres con cargas familiares, xoves estudantes), con diversa cualificación e/o con distinta problemática.
- Poden capacitar a gobernos rexionais e locais para desenvolver políticas de emprego específicas, axeitadas ás necesidades da rexión, comarca,...
- A variedade de actividades permite que podan adaptarse á diversidade de necesidades dos novos territorios.

Críticas:

- Ocupan unha parcela minoritaria dentro da Economía Xeral.
- Dependem das políticas públicas de emprego.
- No responden ás necesidades tradicionais da demanda.